



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 15 DE ABRIL DE 2015.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as trece horas do día quince de abril de dous mil quince, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz

**Non asiste o concelleiro D. Miguel Ángel Español Otero.**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **I.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 13, 24 e 30 de marzo de 2015 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes nela.

#### **PUNTO II.- SUBVENCÍONS**

---

Vista a Resolución do 6 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, no marco do PDR de Galicia 2007- 2013, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2015, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA:

- Solicitar unha subvención para as obras de “Adecuación do entorno do Museo Arqueolóxico (MASAT) para acceso de persoas con mobilidade reducida” aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta resolución.
- Asumir o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO III. INSTANCIAS**

---

Lese o escrito RE 2.135 de data 10 de abril de 2015, presentado por D. JOSE ANTONIO GOMEZ RODRIGUEZ, en representación de CONRAZONES, con enderezo social na rúa Julia Vaquero, nº 2 da Guarda, solicitando autorización para celebrar un mercadillo solidario na Alameda o vindeiro 1 de maio de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 2.137 de data 10 de abril de 2015, presentado por D. JOSE MANUEL ALDEA DORADO, en representación de ACIGU C.C.A., con enderezo social na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 – baixo da Guarda, solicitando autorización para:

- a celebración da Feira de Oportunidades o vindeiro 2 de maio de 2015,
- a instalación de pancartas, carteis e adornos na vía pública,
- peche do tráfico das rúas Joaquin Alonso e Vicente Sobrino.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Visto o escrito con RE nº 2.060 de data 8 de abril de 2015 presentado por D. JOSÉ ANTONIO FERNANDEZ GONZALEZ, con enderezo na Avda. Fragoso, nº 92-1ºD de Vigo, no que solicita autorización para a instalación dun circo nunha parcela privada fronte a Alameda, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- 1.- Autorizar a instalación do circo entre os días 4 e 7 de xuño de 2015 sen prexuízo da autorización pertinente do propietario da parcela.
- 2.- Comunicarlle ó solicitante que o parque móbil do que dispoñan terá que ser albergado dentro da propia parcela que na instalen a carpa, xa que a rúa Coruña ten que quedar dispoñible para o desenvolvemento do mercadillo o cal xenera problemas de tráfico tamén nas rúas do entorno .
- 3.- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento e para o control da esixencia establecida no punto 2.

Visto o escrito con RE nº 1.562 de data 12 de marzo de 2015 presentado por D. DAVID CABO CARDINALI, con enderezo na Rúa Progreso, nº 60-1º Dta de Ourense, no que solicita autorización para a instalación dun circo nunha parcela privada fronte a Alameda, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- 1.- Autorizar a instalación do circo entre os días 30 de abril e 10 de maio de 2015 sen prexuízo da autorización pertinente do propietario da parcela.
- 2.- Comunicarlle ó solicitante que o parque móbil do que dispoñan terá que ser albergado dentro da propia parcela que na instalen a carpa, xa que a rúa Coruña



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ten que quedar dispoñible para o desenvolvemento do mercadillo o cal xenera problemas de tráfico tamén nas rúas do entorno .

3.- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento e para o control da esixencia establecida no punto 2.

Dase conta do escrito RE 1.933 de data 1 de abril de 2015, presentado por D. XERMAN CORDERO VERDE, con enderezo na rúa Fontiña, nº 3 – 2º da Guarda, solicitando o arranxo da pista deportiva sita no paseo marítimo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se procederá ó seu arranxo en canto sexa posible.

Lese o escrito RE 2.198 de data 13 de abril de 2015, presentado por D. HECTOR CARRERO LORENZO, actuando en representación do Club Deportivo ALAGUA, con enderezo na rúa A Cal, nº 74, Escaleira 1-Ático B da Guarda, solicitando autorización para a utilización da gamela adaptada “Roncadeira” propiedade do Concello da Guarda para participar nas actividades do club e noutros eventos culturais e de promoción do deporte.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlles o uso da gamela adaptada “Roncadeira”.

Lese o escrito RE 2.143 de data 10 de abril de 2015, presentado por D. JUAN AGUSTÍN ALVAREZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Rosalía de Castro, nº 3-4ª da Guarda, solicitando copia do documento íntegro do orzamento municipal do Concello da Guarda do ano 2015, todo elo ó abeiro do artigo 169.7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, segundo estipula o artigo referenciado, a copia do orzamento está a súa disposición para consulta en horario de 9 a 14 horas e de luns a venres no departamento de Intervención do Concello.

Lese o escrito RE 1.892 de data 30 de marzo de 2015, presentado por DNA. FATIMA PORTELA CARPINTERO, con enderezo na rúa 2ª Transv. San Roque – Trasloajo, nº 5 da Guarda, solicitando a eliminación das barreiras arquitectónicas da Piscina Cuberta Municipal e a instalación con carácter urxente dun elevador acuático (eixo hidráulico vertical que permite rotación de cadeira ríxida instalada no mesmo).

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se instalará o elevador en canto exista crédito no orzamento municipal.

Lese o escrito RE 2.007 de data 7 de abril de 2015, presentado por ANTONIO E. VILLAVERDE MARTINEZ, con enderezo na Praza da Guía, nº 23 da Guarda, solicitando a anulación dos recibos de auga do obxecto tributario Praza da Guía, nº



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

23 correspondente ó 3º e 4º trimestre de 2014 debido a unha fuga imposible de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal de data 7 de abril de 2015, acorda anular os recibos de auga do 3º e 4º trimestre de 2014 do obxecto tributario Praza da Guía, nº 23, a devolución do abonado polo consumo do 3º trimestre e a emisión duns novos pola media ponderada.

A Xunta de Goberno Local, vista a instancia presentada pola Cámara de Comercio de Tui (R.E. nº 2.035 de 7 de abril de 2015) acorda manifestar o seu apoio institucional á continuidade da Cámara de Comercio de Tui.

Lese o escrito RE 250 de data 13 de xaneiro de 2015, presentado por D. JOSÉ MARIA MARTINEZ RODRÍGUEZ, actuando en representación de SOCIEDADE DEPORTIVA AS D`COPAS, con domicilio social na rúa Concepción Arenal, nº 34 da Guarda, solicitando que lle sexa concedida a mesma subvención municipal que no ano 2013 á asociación que representa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a decisión de diminuír a cantidade asignada no 2013 (300€) a 100 € no 2014 débese única e exclusivamente ó criterio de rebaixar as contías nas subvencións deportivas a aquelas asociacións que, entendendo que cumpren un importante papel dinamizador de eventos deportivos, non teñen por obxectivo impulsar o deporte de base. O aforro realizado con asociacións como a que vostede preside contribúe a manter os servizos prestados (en especial ós gastos de funcionamento ocasionados polo campo de fútbol) para beneficio doutros colectivos dedicados ó deporte do fútbol en categorías inferiores.

Lese o escrito RE 1.137 de data 25 de febreiro de 2015, presentado por D. CARLOS SOBRINO ALONSO, con enderezo na rúa Irmáns Noia Xil, nº 60 da Guarda, manifestando o seu malestar cos criterios de valoración do xurado no Concurso de Figuras de Area do ano 2014 e proponendo medidas para solventar os problemas xerados neste ano.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que como vén sendo habitual cando menos desde que recentemente o Concello da Guarda asume a organización deste evento, o xurado designado e integrado por tres membros ten total competencia sobre os traballos premiados nas distintas categorías interpretando as normas que consuetudinariamente se viñan aplicando. Co fin de unificar criterios entre os membros do xurado e para que os participantes saiban cales son os obxectivamente aplicables no desenvolvemento e valoración dos traballos realizados estableceranse nunhas bases as normas que rexen dita actividade e divulgaranse entre os participantes xa en edicións futuras.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### IV.- OUTROS ACORDOS

---

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de MARZO DE 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 9 de abril de 2015 comunicando a sentenza ditada o 19 de marzo de 2015 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no recurso de apelación nº 4480/2014 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra a sentenza de 30 de xullo de 2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo 272/13 entablado polo Sr. Abeleira Cabaleiro contra resolución presunta de denuncia urbanística presentada o 19 de abril de 2013 interesando a incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística e demolición das obras realizadas pola Entidade Mecalía, S.L. no lugar de Pinar de Rei, Pasaxe.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica o 19 de marzo de 2015 e acorda dar traslado á Oficina Técnica Municipal para a súa constancia no expediente.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 14 de abril de 2015, comunicando a sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG do 1 de abril de 2015 ditada no recurso de apelación nº 4043/2015 entablado polo Concello da Guarda contra o auto ditado o 7 de novembro de 2014 polo Xulado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra na peza de inexecución de setenza nº 102/2002 romovida polo Concello da Guarda e dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 102/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde do Concello da Guarda contra o acordo de Comisión de Goberno de A Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. José Angel Verde Moreira.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica e acorda dar traslado da mesma á Oficina Técnica para a súa constancia no expediente.

Dase conta da seguinte Proposta da Alcaldía:

*Vistos os informes emitidos pola Oficina de Información Xuvenil do Concello, así como por intervención, e pese o contido deste último que condiciona o informe favorable ao establecemento do prezo público polos cursos de inglés á fixación dun número mínimo de asistentes, propónse á Xunta de Goberno Local que despois do exame do mesmo adopte o seguinte acordo:*

1. *Aprobar un prezo público de 25 euros pola prestación polo Concello dun curso de inglés de 20 horas.*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2. *Expoñer ó público o presente acordo.*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar por unanimidade este proposta.

### **FORA DA ORDE DO DÍA**

---

Dase conta da seguinte Proposta da Alcaldía:

*Visto o expediente de fixación do prezo público pola actividade cultural "A Guarda Doce", esta alcaldía propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Fixar o prezo público pola actividade cultural "A Guarda Doce" en 30 euros.*

*Segundo.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.*

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade aprobar esta proposta.

Dase conta da comunicación con RE nº 2.248 de data 15 de abril de 2015, remitida pola PATRULLA DO SEPRONA DE TUI, xuntando a denuncia presentada por un particular poja falta de limpeza dunha finca na Estrada de Circunvalación, nº 152 da Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda acusar recibo da comunicación e dar traslado da mesma ó Asesor Xurídico do Concello por se este feito é considerado unha infracción á Lei 9/2002, de Ordenación do Territorio en concordancia coa Lei 3/2007 de incendios de Galicia.

Dase conta do escrito RE 2.251 de data 15 de abril de 2015, presentado por D. MANUEL CASTRO VICENTE, en calidade de Secretario da Comunidade de Montes en Man Común da Guarda, solicitando a exposición no Taboleiro de Anuncios do Concello da convocatoria da Asamblea xeral desa comunidade para o día 1 de maio.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

*Sendo as catorce horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.*